



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 4 DE MARZO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

AUSENTES :

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva Fernández Garcia

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 4 de marzo de 2013 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Sr. Alcalde: bueno, pois entón, buenos días a todos e a todas, empezamos o pleno extraordinario, o digo ordinario perdón, co primeiro punto do orden do día que é

Secretaría: a ver un momentito, vais a tener que hablar utilizando la megafonía, vale?

Sr. Alcalde: bien, co primeiro punto que é aprobación da acta do 07/01/2012, que teñen todos copia e se hai algo que alegar este é o momento e se non, entendo que se aproba.

Sr.Fírvida (BNG): si, primeiro dúas cuestións, primeiro queríamos saber si este pleno vai ser gravado

Sr. Alcalde: si

Sr. Fírvida: segundo queríamos saber se as tres mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, presentadas, presentadas o martes da semana pasada é decir sete días antes da celebración deste Pleno e tres días antes da celebración, repito, quería saber se as mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego para o seu debate con carácter de urxencia presentadas o martes da semana pasada oito días antes da celebración deste Pleno, e tres días antes da celebración das Comisións Informativas ademais, urxencia que está absolutamente xustificada van ser admitidas para o debate neste Pleno.

Secretaría: ahora no estamos debatiendo la urgencia en todo caso.

Sr.Fírvida: creo que teño dereito a defender cales son as razóns de esta urxencia, ¿non?

Sr.Alcalde: eu entendo que eso é o final.

Sr.Fírvida: ah, cando corresponda, ben sobre a acta da sesión, entón, bueno, o Bloque Nacionalista Galego, vaise abster como ven facendo nos últimos plenos por defender que unha vez máis non se recolle, xa non digo literalmente pero nin siquiera se recolle a sensibilidade a intencionalidade das intervencións dos grupos, sobre todo da oposición e polo tanto, non consideramos estas actas un reflexo fiel do que aquí se fala. En concreto, na acta do mes de xaneiro deste ano hai unha moción presentada polo PsdeG-PSOE, para debater, para debater, a seguridade viaria e a sinalización da Finca Ferro, e onde o Bloque Nacionalista Galego, propón unha enmenda que o PSdeG-PSOE acepta, que o Partido Popular acepta, e sen embargo, nos acordos da moción non están recollidos, non resulta aprobada por unanimidade, si entón o Bloque Nacionalista Galego acepta por unanimidade e a parte



resolutiva das mocións, bueno como estos son moitos exemplos, son graves erros na hora de recoller as intervencións en todo caso agardo que esto quede resolto xa

Sr. Alcalde: ben, ten a palabra o voceiro do PSdeG-PSOE.

Sr. Valcarcel (PsdeG-PSOE): nós tamén nos imos a abster tamén, en base ó que comentou o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego que as enmendas neste caso por exemplo, non están completamente recollidas, e facer mención tamén a unha cuestión esencial, estes días unha carpa instalada na Valenzá, que parece ser que foi aprobada a súa instalación nunha xunta de goberno, e que volvo insistindo que comentamos xa noutra ocasión, que as Xuntas de Goberno Local estannos chegando incluso con tres semanas incluso de retraso, entón nós para poder facer o noso traballo dignamente e representando fehacientemente aos cidadáns, temos que ter coñecemento destas decisións, entendo que non o día seguinte, pero dentro do prazo previo a que se faga unha nova xuntanza da Xunta de Goberno, se a Xunta de Goberno é hoxe e non temos coñecemento de esas decisións da Xunta de Goberno, ata dez días despois seguro que nise intervalo houbo outra Xunta de Goberno nova, entón creo que no prazo dunha semana desde que se celebra a Xunta de Goberno deberíamos ter coñecemento das decisións que alí se adoptan. A gravación, en relación á gravación a señora Secretaria xa sabe que lle fixen unha petición,

Secretaria: un minuto es que estoy preguntando, ¿alguna información Chema?

Sr.Chema (conserxe municipal): es que se han entregado todas las Xuntas de Gobierno, desde el último pleno que se hizo intervención a esto, se han entregado en plazo.

Sr.Valcarcel: no, digo que en moitas ocasións xa plantexamos, si el entregou todo, si no prazo en que se lle entrega a él.

Secretaría: no no no, entregado en prazo entendemos todos, que é unha semana, es decir,

Sr.Valcarcel : teño que verificalo exactamente pero sabe vostede perfectamente

Secretaría: en el último pleno yo dí advertencia en Secretaria, porque esas se hacen, vienen los acuerdos de los distintos, no se levanta un acta vienen desde los distintos departamentos por vía electrónica, se comprueban las propuestas de los técnicos en la Junta de Gobierno, si dicen si sí, y si dicen no, no y con esas anotaciones se monta como una especie, se monta vía red, entonces es un proceso que no puedo responder de él, porque simplemente se monta, entonces estoy preguntando, dije que fueran un poco más ágiles,

Sr.Valcarcel: eu o que agradezco é que se entreguen nun prazo no que estamos indicando agora, porque se hoxe se celebra unha Xunta de Goberno e a semana que ven se celebra outra, eu creo que



nese intervalo de tempo é no prazo que se debe entregar esa documentación. En relación á gravación, a petición da gravación dos plenos que solicita o Bloque Nacionalista Galego, decir que nós tamén a solicitamos, eu falei ca señora Secretaria o día seguinte de celebrar o pleno extraordinario, e contestóuseme que non se nos iba a entregar, eu aquí volvo a reclamala tamén,

Secretaría : no, no es verdad

Sr.Valcarcel: sí; dixome vostede que estaba transcribindo textualmente na súa literalidade e que se nos entregaría en papel.

Secretaría: dije: no se si a voy a entregar, tengo que estudiarlo legalmente, si hay algún tipo de obligación. Punto seguido voy a entregar una transcripción literal, el acta no va a ser un acta, va a ser una transcripción literal que está haciendo una auxiliar de Secretaría

Sr.Valcarcel: eu creo lembrar na conversa, eu non teño ánimo ningún de disputa nin discusión, pero creo lembrar que se nos entregaría ese acta por escrito, e que en principio que a gravación que non.

Secretaría : no, no dije que no, dije que no lo se.

Sr.Valcarcel : bueno, pois entón quedamos á espera, insisto non veño con ánimo de disputa ningunha, pero eu creo recordar que foi eso, entón unha vez feita esa aclaración, se se nos entrega benvido sexa e se non reclamarmola de novo por escrito.

Secretaría: el problema es que para hoy no la pudimos tener lógicamente una transcripción literal, bueno, en primer lugar, que es un sistema nuevo y una transcripción literal es más, más trabajosa, es decir, va a tener más volumen.

Sr.Alcalde: muy bien, aclarado eso que se lle entregan en prazo, se ten razón non hai ningún tipo de problema.

Secretaría: no, yo tengo conciencia, que se están entregando en el plazo de ocho días, lo que también ocurre es que hay Juntas de Gobierno, antes se celebraban los lunes, y yo decía el viernes fuera, la quiero, pero ahora, se están celebrando los miercoles ahora, entonces efectivamente es cierto que el plazo es más corto, entonces es posible que hasta la semana siguiente

Sr.Valcalcel: non, eu falo dunha semana desde a data en que se fai a Xunta de Goberno, que se celebra a Xunta de Goberno, non no prazo dentro de esa semana, se non na semana que digamos hábil, hábil desde la fecha en que se produze a reunión.

Secretaria: pero bueno, yo creo que ahora mismo se está haciendo, porque se dió un toque.

Sr. Alcalde: bueno, pues aclarado eso, entendo que ca abstención do PSOE e do BNG, queda aprobada a acta por unanimidade.



Secretaría: Bueno un momentito aquí falta una concejala, perdón dos, bueno así no hace falta voto de calidad.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADÁS.

Bueno pasamos ao punto dous que é a aprobación inicial da modificación do regulamento interno da Escola Infantil Municipal de Barbadás, ten a palabra a señora Secretaria.

Secretaría: Bueno, se trata de que a Xunta de Galicia, nos envía un escrito diciendo que hay que modificar, bueno, le envía a Servicios Sociales un escrito diciendo que hai que modificar dos artigos relativos al Reglamento de la Guardería de la Escuela Infantil, uno es relativo a las solicitudes del nuevo ingreso, que no es necesario solicitar las vacunas porque no son obligatorias en la Comunidad autónoma de Galicia y después en el artículo 28, sobre la existencia de un libro de reclamaciones, que además, se deberá remitir la inspección en Servicios Sociais de la Xunta de Galicia, bueno, pues eso es todo, Servicios Sociais fai un informe sobre a necesidade de que pase por el Pleno, no de que pase por el pleno, no, de modificar el Reglamento, e a técnico asinante do informe pois explica o procedemento a aprobación inicial, a exposición ó público, si hai reclamaciones terá que volver al Pleno para resolverlas, para aprobar definitivamente o Regulamento, se non se presentan reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo desde entonces provisional.

Sr. Alcalde: moi ben, ten a palabra o portavoz do BNG.

Sr. Fírvida: ben, o Bloque Nacionalista Galego vota a favor posto que é algo que ven da Xunta de Galicia, para regularizar a situación do funcionamento interno da Escola Municipal, entendemos que ten que responder algunha ordenación lexislativa polo tanto votamos a favor.

Sr. Alcalde: ben, a voceiro de PSOE

Sra. Morenza (PSOE): ben, nós entendemos que é unha cuestión meramente técnica, o que si fixemos na Comisión Informativa, foi pedir unha listaxe das reclamacións que se presentaron nos dous últimos anos, xa se nos foi facilitada e pedimos estas reclamacións porque todos coñecemos, que moitas familias vense excluídas ano tras ano, para o acceso á Escola Infantil Municipal e esperemos que con esta nova seguemento e control que fai a Xunta de Galicia das reclamacións, e non se produzan tantas consideramos, nós, a veces inxustizas, aínda que nos sexan dun xeito formal aínda que esas persoas non presenten reclamacións.

Sr. Alcalde: entendo, que se vai aprobar por unanimidade este punto e pasamos ao punto tres.



3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BARBADÁS.

Sr.Alcalde: tamén ten a palabra a señora Secretaria para dar conta.

Pola Secretaria Xeral explícase o contido do acordo a adoptar, que resulta inaudible por problemas de megafonía.

Sr.Alcalde: ben, ten a palabra o voceiro do BNG

Sr.Firvida: a favor, pola mesma razón que a aprobación inicial

Sr.Morenza : nós tamén a favor, porque entendemos que é unha esixencia legal e técnica

Sr.Alcalde: entendo, que se aproba por unanimidade e pasamos ao punto catro

4.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE PARA QUE O CONCELLO DE BARBADAS PROMOCIONE O USO DA BICICLETA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un dos aspectos máis salientables de Barbadás que en todo momento é utilizada polos seus gobernantes na súa publicidade é o dinamismo da súa poboación.

As grandes potencialidades que ten a nosa veciñanza case sempre se ven afogadas pola inactividade e falta de imaxinación do equipo de goberno do PP que dirixe o Sr. Freire.

No eido deportivo os exemplos son múltiples, empezando polas importantes carencias das piscinas, pasando pola ausencia de dotacións deportivas básicas e rematando co abandono das andainas.

Os Socialistas de Barbadás somos conscientes non só das vantaxes da actividade deportiva para o desenvolvemento harmónico e saudable da cidadanía. Tamén somos conscientes das grandes demandas dos nosos conveciños en relación a diversos deportes. O ciclismo é un de eses deportes.

Existe no noso concello un gran colectivo de persoas que practican asiduamente o ciclismo e que consideran que este deporte non ten a consideración que merece dentro das prioridades deportivas dos gobernantes do Partido Popular.

É imprescindible que as autoridades locais colaboren activamente con estas asociacións no deseño dunha política activa que fomente a práctica do ciclismo entre a poboación de Barbadás.

Resulta evidente que a potenciación deste deporte non ten só aspectos positivos sobre a saúde. Tamén afecta moi favorablemente ó medio ambiente e por suposto á mobilidade.



Un aspecto fundamental é que estamos a falar dun deporte que se pode realizar en todas as etapas da vida.

No Grupo Municipal Socialista somos conscientes das dificultades para pór en marcha un proxecto integral en relación a este asunto, pero pretendemos que se dean as primeiros pasos.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- ✓ Instalar zonas de aparcamento para bicicletas (aparcabicis) nas inmediacións das instalacións deportivas, escolas, parques e edificios públicos máis frecuentados de Barbadás.
- ✓ Incluir a práctica do ciclismo dentro do abano de actividades extraescolares e das escolas deportivas que se ofertan desde o Concello.
- ✓ Realizar campañas entre os diversos coletivos sociais e veciñais para dar a coñecer as vantaxes do uso da bicicleta.
- ✓ Potenciar as rutas do S. Bieito e dos Castros mediante a elaboración e distribución de mapas orientativos e guías.
- ✓ Establecer un “Día da Bici” en Barbadás.

Sr. Alcalde: ten a palabra a súa voceiro, o seu voceiro.

Sr. Valcarcel: bueno, pois unha das características máis salientables de Barbadás, que en todo momento é utilizada polos seus gobernantes, na súa publicidade institucional é o dinamismo da súa poboación.

As grandes potencialidades que ten a nosa veciñanza, case sempre se ven afogadas pola inactividade ou falta de imaxinación do equipo de goberno do PP que dirixe a Sr. Freire.

No eido deportivo, os exemplos son múltiples, empezando polas importantes carencias nas piscinas, que foi denunciada aquí varias veces a través de mocións tanto do BNG como do Partido Socialista, pasando pola ausencia de dotacións deportivas básicas e rematando co abandono das andainas, é dicir en relación coa carencia, tema das piscinas que incluso ten habido feridos de certa gravidade e incluso creo lembrar que algunha denuncia, por parte dos afectados.

Os socialistas de Barbadás, somos conscientes, non só das vantaxes da actividade deportiva para o desenvolvemento harmónico e saudable da cidadanía. Tamén somos conscientes das grandes



demandas dos nosos conveciños e conveciñas en relación a diversos deportes. O ciclismo é un desos deportes.

No noso Concello, existe un gran colectivo de persoas que practican asiduamente o ciclismo e que consideran, que este deporte non ten a consideración que merece dentro das prioridades deportivas dos gobernantes do Partido Popular.

É imprescindible, que as autoridades locais colaboren activamente con estas Asociacións no deseño dunha política activa, que fomente a práctica do ciclismo entre a poboación de Barbadás.

Resulta evidente que a potenciación deste deporte non ten só aspectos positivos sobre a saúde. Tamén afecta moi favorablemente ó medio ambiente e por suposto á mobilidade.

O uso da bicicleta é unha importante alternativa en todos os eidos do lecer e da mobilidade ademais de ser un medio económico atractivo, aporta dose de exercicio diario para manterse saudable, mellora o sistema cardiovascular e respiratoria e ademais, e beneficiosa para o medio natural o non contaminar, outras vantaxes da bicicleta é que por onde se estaciona un turismo poden estacionar entre oito e dez bicicletas, e aquí o Grupo Municipal Socialista o PSdeG quere denunciar, que en todo o Concello de Barbadás tan solo hai un estacionamento para bicis, ó carón da Casa da Xuventude, capacidade seis bicis, lamentable, simplemente lamentable, está circunstancia fala por si mesmo da preocupación que ten o grupo municipal do PP, en relación ó uso e a potenciación do ciclismo, en definitiva, a imaxe de todo o Concello pero especialmente da Valenzá, melloraría considerablemente. O uso da bicicleta contribúe a un entorno máis amigable, e desde logo menos agresivo no aspecto fundamental, e que estamos a falar dun deporte que se pode realizar en todas as etapas da vida, a bicicleta pode ser un instrumento útil para que a cidadanía asimile máis facilmente un cambio cara hábitos saudábeis, a administración ten que ter claro, que a extensión do uso da bicicleta aporta grandes beneficios para toda a veciñanza, aporta, practiquen ciclismo ou non, no Grupo Socialista, consideramos que é fundamental que desde a administración local se desenvolvan accións nos colexios, que activen as capacidades dos cativos e cativas para usar a bicicleta, tendo nocións incluso de mecánica básica e tamén de mantemento. O PSdG de Barbadás é consciente das dificultades para pór en marcha un proxecto integral, en relación a este asunto, pero pretendemos que de unha vez por todas se dean os primeiros pasos, polo tanto propomos e sometemos a consideración deste pleno os seguintes **acordos**:

- instalar zonas de aparcamento para bicicletas (aparcabicis), nas inmediacións das instalacións deportivas, escolas, parques e edificios públicos máis frecuentados de Barbadás.
- Incluír a práctica do ciclismo, dentro do abano de actividades extraescolares, e das escolas



deportivas que se ofertan dende o Concello, a día de hoxe non existe esta posibilidade, hai unha serie de actividades extraescolares, actividades deportivas nas escolas que no contempla o uso da bici, cando é un dos deportes máis practicados polo veciñanza.

- Realizar campañas entre os diversos coletivos sociais e veciñais, para dar a coñecer as vantaxes do uso da bicicleta.

-Potenciar as Rutas do S. Bieito e dos Castros, mediante a elaboración e distribución de mapas orientativos e guías, sabemos que estes mapas están en internet, colgados na páxina, creo recordar do concello, pero consideramos que tamén que é importante, empresas en papel para que se podan levar polos usuarios de estas rutas.

- E finalmente establecer o “Día da Bici” en Barbadás.

Sr. Alcalde : ben, ten a palabra o voceiro de BNG

Sr. Núñez(BNG): ben, o BNG está de acordo co sentido desta moción, e nos resulta a veces un poco simpático por dicir así, que na moción socialista pois reclamen a instalación de aparcabicis, cuando realmente neste Concello aparquen os coches, y sin sentido ningún porque non hai ordenación absolutamente de nada, aparcan os coches, é dicir, nas inmediacións dos colexios hai papeleiras nas que figuran exclusivamente os soportes, e a papeleira levan anos sen colocar, aínda que se lle pida por escrito ou de palabra da exactamente igual, non existen colectores de lixo, os cadelos campan a súas anchas por distintos parques do municipio, é dicir e isto dá todo exactamente igual, como para que instalen aparcabicis, bueno resulta simpática, bueno, pero en todo caso nos parece correcto, porque efectivamente, a caído fomentar este medio de transporte, si, tamén está claro que, efectivamente, reseñar a dificultade que pode ter a bicicleta en determinadas rúas tamén da Valenzá, porque evidentemente, e de outras parroquias pero evidentemente da Valenzá, polo gran desnivel orográfico existente ¿non? algo o que non se lle pode facer nada, porque o terreo é como é, pero si desde logo, si se puideron facer cousas ó respecto, o planeamento urbanístico das redes subsidiarias, despois do PXOM en donde se puideron redactar, se puideron planear dadas evitando, facendo un percorrido distinto, evitando facendo que estas pendentes diminuíran, pero efectivamente isto non se fixo, quedaron como quedaron, pendentes duns porcentaxe de niveis bestiales, e agora pois toca o que toca, si non toca pedalear pois habría que ir a pé ¿non?

Ben, con respecto a outras propostas que facedes, outros acordos relativos a potenciar as rutas de senderismo do San Bieito e dos Castros, bueno, reseñar aquí, que na anterior Goberno da Xunta, aprobaran cando o BNG estaba en Medio Rural, se aprobaran, se fixeran rutas de senderismo que



algunhas abarcan máis de setenta quilómetros, moitas delas dentro do noso Concello, como pode ser os Castros, pode ser o San Bieito e chegaban a Cartelle, chegaban a Ourense, chegaban é decir, había determinadas rutas importantes e que evidentemente pois habría que tamén, poden valor dinamizar y publicitar para que tamén a xente a coñece e poda participar en estas, en estas rutas, ¿de acordo? Bueno, en definitiva estamos de acordo ca moción, votamos a favor da moción.

Sr. Alcalde: moi ben, nosotros tomamos nota, pero estamos en contra, porque entendemos que o Partido Popular neste caso ten a súa propia dinámica de como funcionar, e non vai loxicamente, non vai a funcionar o dictado do que lle dice o grupo da oposición, sino simplemente tomar nota, o que se a asumido, se asumirá e o que ha asumido non se vai a asumir, de feito xa se está colaborando co día da bici, xa se está colaborando cas rutas de senderismo, xa se está colaborando pois coa maioría das cousas que vostede plantea aí, pero indudablemente nós temos a nosa propia dinámica, entón vamos a votar en contra salvo que é certo que tomamos nota, ¿vale?

Sr. Valcarcel : Con esa dinámica que vostede fala, que vostede nos indica agora mesmo, escusamos ter Plenos, escusamos ter Plenos porque vostedes son os que gobernan ca maioría absoluta. Evidentemente teñen sete concelleiros, a oposición ten seis, excusamos vir aquí a facer propostas e desde logo que os veciños, o que reclaman do Partido Socialista e supoño que do Bloque Nacionalista tamen, e do equipo de goberno, é que traballan a prol da colectividade, a prol dos seus intereses, o de tomar nota non serve para nada, porque xa sabemos cal e a dinámica súa, leva vintecinco anos gobernando, e seguimos con iste problema, este é un problema ou non lle chame problema, unha demanda, chamémoslle unha demanda que está sen atender, como digo está, hai moitas máis o que acaba de comentar o señor Serafín é evidente, evidente, colectores sen colocar, papeleiras sen colocar, e múltiples, e múltiples carencias e vostede sistematicamente toman nota, a nosa obriga e vir eiquí a plantexar problemas, que son solucionables, e que non costan moitos cartos, a dinámica evidentemente é a súa, a de non facer nada, pero desde logo que a nosa obriga e aquí a de reclamar o que os veciños nos demandan e plantexalo.

Sr. Núñez: Bueno sí, en definitiva, que o que acabamos de comentar, ¿non? Que aquí moitas veces se aproban cuestións por unanimidade, que despois efectivamente se meten nun caixóns desastre, vanse facer, vanse facer, nin se fan esas, e pasan os anos, e todo sen facer, todo sen facer, é decir, a veces é todo un pouco absurdo vir eiquí a debatir cousas, para o que estamos, para traer propostas de melloras da veciñanza, cando despois evidentemente vemos que se aproban e logo y quedan no caixón desastre, a veces pode darse exactamente igual que o Partido Popular as aprobe ou non, porque no nas van a



facer.

Sr.Alcalde: Moi ben, bueno pois nada entonces

Sr.Valcarcel: decir, que a carencia da marxinação que vostede demostra día a día, témolo que sufrir os concelleiros da oposición

Sr.Alcalde: Moi ben, ese é o seu criterio, díxenlle que tomábamos nota, o que se poda facer se fará e o que non, farase o que sea oportuno co grupo de goberno, moitas grazas. ¿Votos a favor da moción? ¿Votos en contra?, queda rexistrada cos votos do Partido Popular.

- Sen máis, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG- PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo PSdeG para que o Concello de Barbadás promocióne o uso da bicicleta”**

Pasamos a seguinte moción do Grupo Socialista

5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

A igualdade en España foi avanzando pouco a pouco nos últimos anos de democracia. Estes avances traducíronse nunha vida mellor para as mulleres, así como en máis dereitos para elas e para o conxunto da sociedade.

Esto foi posible grazas á labor da propia sociedade que se mobilizou e se modernizou e tamén grazas fundamentalmente á loita das mulleres, pero tamén, pola labor dos gobernos socialistas. Deste xeito, as mulleres foron ocupando espazos no emprego, na política e na sociedade, rompendo así progresivamente coa desigualdade.

Non obstante, a igualdade non era de todo efectiva, aínda existían e aínda existen desequilibrios. Necesitabamos tempo para seguir avanzando, pero sobre todo para consolidar o conseguido. Un tempo fundamental como comprobamos nestes últimos catorce meses. Porque este último ano, no que o Partido Popular asumiu o Goberno, asistimos a uns dos maiores despropósitos da historia da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Empezando pola Reforma Laboral do Partido Popular. Esta modificación lexislativa expulsa ós sectores máis vulnerables do emprego, e aí están as mulleres. Ademais deixa sen dereitos ás mulleres traballadoras, a todas en xeral, e concretamente ás que teñen traballo a tempo parcial, temporal ou a aquelas que teñen responsabilidades familiares.



O desmantelamento do Estado do Benestar e a política de austeridade dos gobernos Rajoy e Feijóo eliminan servizos públicos esenciais onde traballan moitas mulleres. Falamos de sectores como a educación, a saúde ou a dependencia.

Para maior abundamento nos recortes en dereitos das mulleres xurde o anuncio do Goberno do Estado de cambiar a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, cun obxectivo, eliminar o dereito a decidir das mulleres. O camiño está marcado co nomeamento dun novo Comité de Bioética de claro sesgo ultraconservador, no que a maioría dos seus membros se declarou abertamente en contra da decisión das mulleres.

E aínda máis, durante meses o PP e o seu ministro de Ministro de Xustiza pretendéron aplicar a lei de taxas xudiciais ós casos de mulleres maltratadas o que provoca unha desigualdade no acceso á xustiza, que deixaría a moitas mulleres sen a posibilidade de acudir a ela. Despois de moitos meses de protestas mesmo semella que o goberno da marcha atrás.

A todo isto debemos sumar a redución de presupostos e servizos dirixidos a combater a violencia contra as mulleres, tanto no Goberno do Estado como no Goberno da Xunta de Galicia.

Dende o Partido Socialista, sen embargo, seguimos traballando pola igualdade, porque creemos firmemente que esta igualdade entre homes e mulleres é o pilar esencial desta sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Á derogación da Reforma Laboral.
- O desenvolvemento dun Plan de Emprego para as mulleres que inclúa políticas activas específicas, a promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun Plan de Igualdade das mulleres no emprego, dirixido a promover a igualdade e a eliminar a desigualdade salarial.
- Mantemento dos dereitos recollidos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.
- Promoción de políticas que permitan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar de homes e mulleres, e o cumprimento da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Manter a actual Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, así como de todos os centros de planificación familiar da nosa Comunidade.
- Impulsar políticas e servizos de prevención da violencia de xénero e apoio ás mulleres que a sofren.



- Derrogación a Lei de taxas xudiciais.

Sra. Presas (PSOE): A igualdade en España foi avanzando pouco a pouco nos últimos anos. Estes avances traducíronse nunha vida mellor para as mulleres, así como en máis dereitos para elas e para o conxunto da sociedade.

Foi posible grazas á labor da sociedade que se mobilizou e se modernizou, e tamén á loita das mulleres, pero tamén, pola labor dos Gobernos Socialistas. Deste xeito, as mulleres foron ocupando pouco a pouco espazos no emprego, na política e na sociedade. Non obstante, a igualdade non era de todo efectiva, aínda existían e todavía existen desequilibrios. Necesitábamos tempo para seguir avanzando, e sobre todo para consolidar o conseguido. Un tempo fundamental como comprobamos nestes últimos catorce meses. Porque este último ano, no que o Partido Popular asumiu o Goberno, asistimos a uns dos maiores despropósitos da historia da igualdade de oportunidade entre homes e mulleres.

Empezando pola reforma laboral. Esta modificación expulsa ós sectores máis vulnerables do emprego, e aí están as mulleres. Ademais deixan sen dereitos ás traballadoras, a todas en xeral, e concretamente ás que teñen traballo a tempo parcial, temporal ou a aquelas que teñen cargas familiares.

O desmantelamento do Estado do Benestar e a política de austeridade dos gobernos de Rajoy e Feijóo, eliminan servizos públicos esenciais onde traballan moitas mulleres. Sectores como a educación, a saúde ou a dependencia.

Para maior abundamento nos recortes en dereitos xurde o anuncio do Goberno no Estado de cambiar a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, cun único obxectivo, eliminar o dereito a decidir das mulleres. O camiño está marcado co nomeamento dun novo Comité de Bioética de claro sesgo ultraconservador, no que a maioría dos seus membros se declarou abertamente en contra da decisión das mulleres.

Durante meses o PP e o seu ministro de Xustiza pretenderon aplicar a lei de taxas xudiciais o que provoca unha desigualdade no acceso á xustiza, que deixaría a moitas das mulleres sen a posibilidade de acudir a ela. Despois de moitos meses, mesmo semella que o goberno da marcha atrás.

A todo isto, debemos sumar a redución de presupostos e servizos dirixidos a combater a violencia contra as mulleres, tanto no Goberno do Estado como no Goberno da Xunta de Galicia.

Os socialistas sen embargo, seguiremos traballando pola igualdade, porque creemos firmemente que esta igualdade entre homes e mulleres é o pilar esencial desta sociedade.



Propomos os seguinte acordos:

- Instar ó goberno á derogación da Reforma Laboral.
- O desenvolvemento dun Plan de Emprego para as mulleres que inclúa políticas activas específicas, a promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun Plan de Igualdade das mulleres no emprego, dirixido a promover a igualdade e a eliminar a desigualdade salarial.
- Mantemento dos dereitos recollidos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal.
- Promoción de políticas que permitan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar de homes e mulleres, e o cumprimento da Lei 2/2007 do 28 de marzo.
- Manter a lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo.
- Impulsar políticas e servizos da prevención da violencia de xénero e apoio ás mulleres que a sofren.
- Derogación a Lei de taxas xudiciais.
- E no tocante a Barbadás a creación da oficina municipal da muller.

Sr. Alcalde: ben, ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Fírvida: O bloque Nacionalista Galego, presentou unha moción para debatir neste pleno referido o día internacional da muller, non o día da muller traballadora señor Freire Couto, pero como non sabemos se a vamos a poder debatir como moción do Bloque Nacionalista Galego y en todo caso como a nosa proposta iba a ser un debate conxunto das dúas mocións, posto que son moi semellantes eu vou a facer unha defensa da moción que tiña presentado o Bloque Nacionalista Galego, en canto o que di o Partido Socialista concordando con todo o que dí, concordando sobre todo co que di ca involución que está levando a cabo no Goberno do Estado Español o Partido Popular en canto a todo o que se refire a dereitos das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo, y as liberdades das mulleres estou absolutamente de acordo e a evolución está sendo bestial apoiado por aqueles sectores da extrema dereita española, que teñen capacidade no goberno de actuar, no goberno de Rajoy para limitar todas as liberdades e para por o fronte da xustiza e para por o fronte das loitas dos dereitos das mulleres as persoas máis reaccionarias que hai no Estado Español, hai que lembrar, por exemplo que as mulleres cobran un vintecinco por cento menos que os homes e según un estudo recentes, as mulleres terían que traballar oitocentos horas máis ao ano para cobrar o mesmo salario que cobra un home. No mesmo posto de traballo ca mesma categoría profesional e coa mesma cualificación profesional, hai ven grande parte dos, o Partido Socialista fala na súa moción, pero queriamos facer incidencias en outras cuestións, como na prevención sanitaria ou en axudas que poderían levarse a cabo



para fomentar que as mulleres poidan acceder con maior liberdade o mercado laboral, como creación de escolas coas que o Partido Popular ten traballado en contra da escola como eliminación das escolas, da escola no rural galego afecta a máis de catrocentas familias, por exemplo só na provincia de Ourense o que se deixou de apoiar a colectivos que traballan para o desenvolvemento económico, e que loitan para os que máis desfavorecidos en este caso como poden ser as mulleres, non sinta pois está presión que estamos sentindo, coa crise económica de perda de postos de traballo. No noso Concello, pois nos temos todavía un Centro de Saúde con un servizo específico para a muller, non existe centro de información, non existe unha rede social acada da atención das mulleres, desde o ano 2010 onde había no orzamento unha partida de dez mil euros adicada a loita contra a violencia de xénero, esa partida desapareceu dos orzamentos do Concello de Barbadás no ano 2012, e no ano 2013 non temos esa partida, non temos por exemplo en Barbadás un Centro de Día que serviría para que moitas mulleres poidesen deixar aquelas persoas que teñen que coidar, familiares que teñen a cargo, que tuvesen un coidado específico nun centro de día onde poidesen ser atendidos acadamente, e moitas de estas mulleres se ven forzadas a abandonar o posto de traballo para coidar dos seus familiares aínda por enriba a Xunta de Galiza lle retira a cotización á Seguridade Social, e lle retira os salarios da Lei de Dependencia, polo tanto o que estamos e levando unha clara involución en canto a todos os dereitos das mulleres e a todo o que poda significar unha igualdade realmente entre homes e mulleres. Os acordos que plantexa o Partido Socialista, nós aceptámoslos, vamos a votar a favor de esa moción e anticipándome como decía antes a posibilidade de que non se poida debater a moción do Bloque Nacionalista Galego que en todo caso é o que me acabo de referir, engadería, faría unha enmenda de engadega á moción do Partido Socialista no seguinte sentido;

- Primeiro, segregación inmediata da Concellería da Muller que quedara con total exclusividade no Concello de Barbadás, hai mulleres, hai diferentes xuntas, diferentes responsabilidades para os concelleiros pero sin embargo todavía non se creou a día de hoxe a Concellería da Muller eu creo que isto é indispensable para responsabilizar ao grupo de goberno do Partido Popular na axuda aos problemas específicos da muller. A creación da Concellería da Muller en exclusividade.
- Segundo, creación nun prazo de tres meses do Consello Municipal das Mulleres, isto foi solicitado en numerosas ocasións polo Bloque Nacionalista Galego e foi aprobado polo Partido Popular pero a día de hoxe, xa no ano 2013 todavía está sin constituír o Consello Municipal das Mulleres de Barbadás.



- Terceira proposta, posta en marcha do Banco de Tempo, compromiso adquirido na pasada lexislatura por parte do goberno do Partido Popular e que segue tamén sen materializarse.
- E a cuarta proposta, sería instar a Xunta de Galiza a eliminación das axudas a centros privados que segregan o alumnado por sexo, porque entendemos que é un grave atentado a igualdade de homes e mulleres no sistema educativo.

Sr. Alcalde: acéptanlle as enmendas, ¿sí? Si, vale moi ben.

Sra. Presas: excepto o do Banco do Tempo que o solicitara xa o meu compañeiro Carlos.

Sr. Alcalde: ben, nós vamos a votar en contra indudablemente porque piden unha serie de cousas indudablemente, que non temos competencia eiquí, como é o da reforma laboral e compañía e a maioría de elas indudablemente pos nós temos tamén como dixen antes a nosa propia dinámica y con relación á muller, todo o que se poida facer se vai seguir facendo como se está facendo hasta agora, e se se pode incrementar se incrementara, pero en principio a nosa proposta e votar en contra da moción.

Sra. Presas: Non teñen competencia, pero si pode instar ó Goberno ou á Xunta de Galiza para tomar certas decisións.

Bueno, nós no Partido Socialista o que temos claro é que non se pode dar ningún paso atrás entre a igualdade de homes e mulleres se refire, e nos si que seguiremos traballando pola igualdade e pensamos que unha vez por todas o Concello teríase que por a traballar, e crear por fin a Oficina Municipal da Muller, e fundamental favorecer dende o Concello políticas de igualdade e se que é necesario un espazo físico para atender as necesidade das mulleres un espazo no que se poda recibir axuda, asesoramento e información, o fundamental é ofrecer información para as mulleres.

Sr. Alcalde: ben, ten a palabra o voceiro do BNG.

Sr. Firvida: o que se pon de manifesto é o que estamos dicindo nos Plenos, todos os Plenos, todos os días, en todas as cuestións relacionadas ademais repítise mimeticamente a aptitude de vostede, señor Freire Couto, cando se trata algún problema derivado da problemática da Muller repítese eiquí como Herodes lavámonos as máns e dá exactamente igual que poida suceder con este problema, con vostede esto non vai, con vostede non vai, hai propostas firmes feitas polo Partido Socialista, feitas polo Bloque Nacionalista Galego que caen día si, e día tamén en saco roto, facemos propostas de compromisos adquiridos pola súa parte Banco do Tempo, creación do punto de información á muller é Concellería da Muller, sitios de apoio para a infancia, pero nada, non queremos enterarnos do que pasa neste País, preferimos pór unha venda nos ollos, preferimos seguir atendendo ós nos nosos



negocios privados, en vez de atender para o que o nomearon a vostede, que é para atender o Concello que o está pasando mal, que ten problemas y vostede sigue decindo que como é responsable do Goberno pois fai o que lle peta, e como fai o que lle peta, lle da igual o que lle poida suceder a todas as mulleres do Concello, e tamén lle preguntaría as mulleres concelleiras do Partido Popular si comparten esta opinión do Alcalde de Barbadás, de que non hai nada que facer cas mulleres deste Concello, e que non hai ningunha responsabilidade, de que non se pode actuar para mellorar a súa situación, de que non está dentro das competencias municipais axudar ás mulleres, de que hai que pasar a pelota para arriba e polo visto eiquí da igual o que se diga, da igual o que se fale non se pode facer absolutamente nada, ¿as mulleres do Partido Popular tamén pensan esto?, ¿tamén pensan esto deste concello? e as mulleres deste Concello creen vostede que non é xusto crear una comisión o Concello Municipal da Muller, creen vostede que non é xusto crear un Banco do Tempo, creen vostede que non é xusto que haxa unha concelleira ou concelleiro adicado á Concellería da Muller, a loitar contra a violencia de xénero, establecer medidas activas para intentar axudar ás mulleres de este Concello, a calada por resposta como sempre, eso é o que mellor vai.

Sr. Alcalde: señor Fírvida, eu non dixen que non había nada que facer, ó contrario, digo que nós temos a nosa propia dinámica, a nosa Concejalia está facendo entendemos nós, todo o que pode, dentro das súas posibilidades que hoxe non son moitas y que hai cousas que non é competencia, como é o tema da reforma laboral, Ojo non me tergiverse usted os términos, e espero que os medios de comunicación tampouco, non vaia pasar como o outro día que se dixeron cousas que non se dixeron eiquí, vale en todo caso, en todo caso.

Sr. Firvida: pero os acordos son instar á Xunta de Galicia, son derogar unha lei, instar a Xunta de Galicia a derogar os acordos cos colexios privados concertados, instar a outras institucións, cousas que se teñen feito neste pleno, numerosísimas veces instar a outras administracións a actuar en este pleno e en todos os plenos do ano, instar noutras administracións publicas a actuar

Sra. Presas: pero entón o interés, pode explicar entón se hai interese pola muller porque se retira o presuposto da muller?

Sr. Alcalde: Estamos facendo dende eiquí todo a que podemos, con presupuesto e sen presupuesto con relación a eso, con relación a muller de feito, estanse facendo actividades para a muller permanentemente, para unhas cousas e para outras, dentro das posibilidades, nos hasta o de agora, non temos tido, que eu sepa, se non que fale a Concelleira, non temos tido nada de problemas con respecto a eso, co cual nos entendemos que non debe ser a cousa tan grave como ustedes a pintan, hai



cousas que non se poden asumir e as que non se poden asumir non se asumen, e menos agora, e todos o que se pode facer se está facendo, nada máis, moitas grazas, vamos a someter a votación, ¿votos a favor da moción? ¿Votos en contra? Moi ben, queda rexeitada cos votos do Partido Popular.

Sen máis, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG- PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo PSdeG e do BNG con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller.”**

Alcalde: Pasamos o punto número seis;

6- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE DOS TRANSEÚNTES E REALIZAR UNHA REVISIÓN DAS BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. A PROPOSTA RECLAMA ADEMAIS QUE SE ELABORE UN PLAN DE REORDENACIÓN DO TRÁFICO NAS INMEDIACIÓNS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DA VALENZÁ.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A humanización de vilas como A Valenzá non só pode consistir en construír amplas beirarrúas, senón para facilitar que os viandantes poidan pasear con comodidade. Teñen que ser tamén espazos cómodos e sen obstáculos, pero a realidade reflicte todo o contrario. Son habituais escenas nas que os coches estacionan invadido a beirarrúa e imposibilitando o paso de transeúntes, carriños de bebé ou persoas con mobilidades reducida.

Tamén é cotiá que nos lugares onde hai establecementos hosteleiros con terraza sexa en ocasións complicado pasar para os viandantes e unha misión imposible para os peóns que guían un carro de nenos. Dende o PSdeG reclamamos que de cara á tempada primavera-verán se intensifique o control para que se cumpran os espazos que esixe a normativa para a accesibilidade cómoda das persoas que se moven polas zonas onde se concentra o maior número de terrazas.

Co obxecto de ilustrar a ausencia dunha actitude cívica por parte dalgúns propietarios de vehículos, vémonos na obriga de lembrar que a beirarrúa é un espazo excluivo para que o peón circule con seguridade. Temos imaxes fotográficas que ilustran cómo a imposibilidade material de moverse sitúa ós viandantes nunha situación de perigosidade, moito máis preocupante se falamos de carriños de bebé, persoas maiores ou persoas con mobilidade reducida.

No Grupo Socialista damos por feito que xa superamos o modelo no que o peón era sistemáticamente discriminado e excluído en beneficio do automobilista. Sen embargo, as evidencias da vida cotiá deixan patente que ás veces este esquema do século pasado aínda segue vixente. Aos feitos nos



remitimos cando comprobamos que se obstaculiza o paso de peóns polas beirarrúas. As actitudes incívicas aparecen entón e a convivencia entre transeúntes e vehículos faise complicada.

A avenida de Celanova ou as rúas que circundan o colexio Filomena Dato son claros exemplos do que non se pode facer por parte dos propietarios de vehículos: entorpecer e facer molesto o tránsito para os peóns. Estas situacións teñen que deixar de repetirse adoptando unha política de maior control do tráfico e se é preciso elaborar plans concretos de reordenación. É fundamental que circular polas rúas deixe de ser un verdadeiro suplicio.

Estamos a falar de algo tan sinxelo como a calidade de vida dos cidadáns, que se queixan dende hai anos do estacionamento de vehículos en lugares prohibidos ou de aparcar por riba das beirarrúas, restando espazo ós viandantes e mesmo impedindo o seu tránsito. A veciñanza esixe e ten dereito a recuperar o espazo urbano público a favor do case sempre desprotexido peón.

En relación tamén coa seguridade, a comodidade e o fácil acceso, dende o Grupo Socialista queremos incidir unha vez máis na urxencia de facer unha profunda revisión das barreiras arquitectónicas que existen na Valenzá. En febreiro de 2011 o Grupo do PSdeG presentou unha minuciosa proposta para suprimir as barreiras arquitectónicas urbanísticas en vías urbanas e espazos de uso común. Pero lamentamos que despois de 2 anos non se modificara a situación para mellorar a accesibilidade.

A actividade que xeran os colexios públicos da Valenzá fan preciso mellorar un plan de regulación dos tránsito de vehículos e persoas nas inmediacións dos centros. Está claro que as medidas que se adoptan resultan insuficientes. No Ruxidoiro o caos circulatorio e as dificultades que teñen tanto os buses coma os vehículos para manobrar provoca o temor entre os pais e nais a que suceda algún indidente, polo que sería preciso incrementar a presenza de policía locais.

No Filomena Dato a situación resulta moito máis complicada porque á voráxine que se produce coa actividade escolar, súmase o feito de que se repiten con demasiada frecuencia atascos no tráfico debido a que nas horas punta non só circulan as persoas da comunidade escolar, senón tamén cidadáns que se desprazan ós seus centros de traballo ou que simplemente queren saír dos garaxes, producíndose un embotellamento ó que hai que buscar unha solución. Un exemplo desta situación pódese comprobar na intersección entre Rodríguez Punxín e Garrida, onde moitas veces os buses non poden xirar polos coches aparcados

O estacionamento de coches en dobre fila é outra das lacras que padecen os conductores que circulan pola Valenzá. Chama a atención que este tipo de infraccións se produzan en determinados puntos en concreto e que se reitere a paradóxica e inxusta situación de que se multe a uns propietarios de



vehículos e a outros non. A inxuedanza entre a cidadanía ante as posibles desigualdades que se están producindo fan precisa unha intervención dos mandatarios locais.

Para buscar unha solución global sería preciso un maior control do tráfico en zonas céntricas e en lugares onde se concentra unha maior actividade no tráfico rodado.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1) Que se realice unha verificación da existencia de barreiras arquitectónicas nas vías de máior densidade de tráfico e estudar a progresiva eliminación das mesmas e que se elabore un informe técnico para planificar actuacións de mellora na accesibilidade.
- 2) Elaborar un plan de ordenación do tráfico nas inmediacións dos centros de primaria públicos e incrementar a vixilancia por parte dos axentes de policía ou mesmo pedir a colaboración doutros corpos.
- 3) Intensificar a vixilancia no cumprimento da normativa no que se refire á instalación de terrazas na vía pública para facilitar a mobilidade dos viandantes.
- 4) Levar a cabo un control máis exhaustivo do estacionamento de vehículos en lugares prohibidos, en dobre ringleira ou invandido as beirarrúas.
- 5) Crear espazos para o estacionamento de motocicletas na avenida de Celanova.
- 6) Revisar e aclarar, no seu caso, a sinalización en lugares nos que sucesivos cambios obrigaron a facer pintados que inducen a erro e que constitúen un perigo potencial para os automobilistas (cruce dos Patos coa estrada que vai ó campo de fútbol ou incorporación dende a avenida de Celanova á Rúa do Viso)

Sr. Alcalde: que é a moción do Partido Socialista para a mellora da accesibilidade de transeúntes e realizar unha revisión das barreiras arquitectónicas, a proposta reclama ademais que se elabore un plan de reordenación do tráfico nas inmediacións dos Colexios Públicos na Valenzá, ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira;

Sra. Morenza: pois ven, dende o Partido Socialista vemos que non controla moi ben o título da moción, supoño que xa non a leu señor Alcalde, como non estuvo o outro día na Comisión Informativa e no na leu, pero vámosllo a explicar nós.

Sr. Alcalde: tanto a leín que vou votar a favor, dígollo de antemao.



Sra. Morenza: dende o Partido Socialista apostamos por que a humanización das vilas sexa un feito, as beirarrúas non poden ser zonas de estacionamento, os pasos de peóns non son lugares para deixar o coche abandonado, as entradas ós garaxes non son unha praza de garaxe en si, as beirarrúas son para o uso dos peóns, non para interromper o tráfico, as zonas con unha raía amarela brillante, son para impedir o estacionamento de vehículos e non precisamente para interceptar o paso de persoas, ou vehículos e hai determinados limites que non podemos transpasar e na Valenzá sáltanse a toreira e demasiado a cotío as normas de Seguridade Viaria, e certas normas de Seguridade Viaria, aporto os voceiros dos dous grupos, nas que se simplifica un pouco esta situación, que pode parecer esaxerada, pero as fotografías indican que non o son. Os peóns teñen un lugar polo que pasar e os coches circulan pola calzada e aparcan nos lugares permitidos, pero demasiado cotío esta afirmación, que é un perogrullo, non se cumpren, os viandantes vense obrigados a invadir a calzada, debido os obstáculos que atopa na beirarrúa, os pasos de peóns convértense en zonas de aparcamento, e as persoas que conducen un carriño de bebe, ou unha cadeira de rodas, non poden literalmente circular por determinados lugares da Vila, por non falar das dificultades que padecen día a día as persoas con mobilidade reducida, no Partido Socialista non entramos en valoracións técnicas de que se non hai suficiente vixianza por parte dos axentes da Policía Local, de se é moi difícil controlar o tráfico, un lugar con tanta densidade, ou si o incivismo dalgúns afecta a sinalidade, o que esiximos é unha solución e por eso traemos unha vez máis, unha proposta constructiva, detallada exahustiva para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Barbadás, e se falamos dos establecementos hosteleiros, que podemos dicir dos establecementos hosteleiros con terraza, podemos asegurar que é unha misión as veces imposible que os peóns poidan pasar con comodidade, é necesario intensificar o control para que se cumpran os espazos, que exige a normativa, lamentablemente, o modelo no que o peón era sistematicamente discriminado excluído en beneficio dos automobilistas, aínda non foi superado, é estas fotografías, e estas fotografías así o demostran e dado que persisten as aptitudes incívicas é preciso adoptar unha política de maior control do tráfico, porque os transeúntes teñen dereito a recuperar o espazo urbano público para camiñar con comodidade, outra perogrullada máis que teño que recalcar, pero non so teñen que intensificar a vixianza se non facer tamén, unha profunda revisión das barreiras arquitectónicas que existen na Valenzá, dende febreiro de 2011 no que o Partido Socialista presentou outra exahustiva proposta para reducir estas barreiras, aínda non se fixo practicamente nada, non se cambiaron os pasos de peóns, non se borraron os pasos antigos, non se cambiaron os antigos, nos se rebaixaron as aceras, sigue sendo unha misión imposible e cruzar a



Valenzá por ámbolos dous lados dunha forma cómoda para as persoas, que como dixen antes teñen mobilidade reducida, utilizan unha cadeira de rodas ou levan un carriño con bebé. Outra das liñas de actuación, debe ser a elaboración dun plan de reordenación do tráfico, nas inmediacións dos centros de primaria, para incrementar a vixilancia por parte dos axentes, ou mesmo se é necesario pedir axuda doutros corpos de seguridade. Do que se trata en suma, é de poñer fin ao caos circulatorio no Ruxidoiro, aumentar a Seguridade Viaria instalando unha baranda nesa zona, que aínda hai unha parte das inmediacións, do colexio do Ruxidoiro que aínda non ten esa baranda, que xa levamos dende os grupos da oposición anos pedíndoa, e tamén poden recorrer a fórmulas novedosas pero factibles, como se chama, chamadas camiño escolar, que é unha zona como vostedes saben, unha zona acotada para o desprazamento a pé, con supervisión dos escolares, dende o Ruxidoiro ata a vila, podíase estudar unha posibilidade, novedosa como digo, nunha vila onde hai tantos escolares que se desprazan diariamente. Este carril escolar coa presenza dun adulto nos cruces, aumentaría a autonomía dos cativos e cativas, e melloraría a seguridade, e outra posibilidade que pomos encima da mesa, co ánimo de facer unha oposición constructiva. E no que se refire ó Filomena Dato, reclamamos que se poña fin ó embotellamento que se produce nos arredores, nas rúas Picouto, Garrida, Tomás Rguez. Punxín, porque hai que, xa por non dicir a rúa do Ensino, porque o que temos claro e que hai que compatibilizar os accesos aos centros de traballo, a posibilidade de saír dos garaxes, coas entradas e saídas aos centros de ensino, deberíase neste caso, nós non somos técnicos, existir unha maior vixilancia, polo tanto o que pedimos son unha serie de acordos, que é a verificación da existencia de barreiras arquitectónicas, que se elabore un informe técnico que o Partido Socialista pide formalmente nesta moción, que se elabore un informe técnico para planificar actuacións de mellora na accesibilidade, porque logo nós eiquí presentamos mocións que se aproban, pero non é posible, non se nos da a información suficiente, nós pedimos xa no seu día un informe sobre as carencias e as deficiencias do campo de fútbol, e a día de hoxe, hai para dous anos, aínda non se nos entregou ese informe técnico, e xa o temos pedido por escrito tamén. Despois, outro dos puntos do acordo é elaborar un plan de ordenación do tráfico nas inmediacións dos centros de primaria, intensificar a vixilancia no cumprimento da normativa no que se refire a instalación de terrazas na vía pública, para facilitar a mobilidade dos viandantes, e agora que se acerca a primavera, levar a cabo un control máis exhaustivo do estacionamento de vehículos en lugares prohibidos, en dobre ringleira ou invadindo beirarrúas, crear espazos para o estacionamento de motocicletas na Avda. De Celanova, que xa é a segunda vez que o solicitamos, espero que sexa tido en conta, e revisar e aclarar a sinalización en lugares onde



existe unha certa confusión como xa poñemos na moción, no cruce dos Patos coa Estrada do Campo de Fútbol, ou no cruce do Mercadona coa Avda. De Celanova.

Sr. Alcalde: Ten a palabra o voceiro do BNG.

Sr. Serafín Núñez:

Ben, o grupo político do BNG ten presentado nas últimas lexislaturas, y ano tras ano, e nos últimos anos, pois propostas neste sentido de regular, de facer un plan de ordenación de tráfico, nas inmediacións dos centros educativos do noso Concello, nomeadamente no Ruxidoiro e nomeadamente no Filomena Dato. Temos conseguido algunha cuestión máis menos menor, como pode ser por exemplo no Ruxidoiro, pois instalacións de pasos de peóns elevados, a instalación de barandas protectoras cara algunhas fincas, leiras do arredor, pero que efectivamente hai moitas cousas aínda para mellorar y que neste sentido pois estamos a favor das propostas que hoxe, das iniciativas que trae hoxe aquí o PSOE, ¿non?. Decir que, por exemplo no Ruxidoiro, temos que por encima da mesa, pois tamén algunhas iniciativas, algunhas propostas que ten reclamado a Asociación de pais de alumnos de alí do centro, para mellorar, regular esto tamén, mellorar os estacionamentos, controlar y ten que haber efectivamente, tamén, unha man tendida hacia os negocios que hai ó redor pero que efectivamente haxa unha predisposición tamén para regular, pois si que a chapistería ten x prazas, como estaciona a chapistería, donde estaciona a chapistería, onde estacionan o resto dos negocios, y que efectivamente que haxa tamén, evidentemente, alí non era o mesmo hai dez anos, ou cinco anos, cando non había o CEIP, que neste momento, entón, polo tanto ten que haber unha mau tendida por parte do Concello, para negociar tamén cos distintos negocios que pode haber no lugar e reordenar o tráfico e os estacionamentos no sitio, no Ruxidoiro, como digo. Si falamos do Filomena Dato, bueno pois aí é todo moito máis, faise todo moito máis complicado porque efectivamente aí, eu quero, teño que lembrar o discurso, vouno denominar folclórico-paternalista, do sr. Freire Couto no Pleno extraordinario do martes pasado, onde se convertía en adalid de las causas dos centros de ensino público deste Concello, cando hai que recordar que efectivamente, aquí si algo se fixo, si algo se planeou, nunca nada ningún centro educativo foi planeado, ningunha norma subsidiaria ningún plan de ordenación municipal y todo o que se fixo, fíxose en base a demanda veciñal, por eso despois, quedou este centro Filomena Dato, enqueixado como quedou, alguén con sentido común pode pensar que cando se redacta un plan de ordenación municipal, sinon foran os constructores que están por detrás dicindo, donde me tienes que pintar el bajo más ocho, si eso non fose así, e se fixera con sentido común, quedaría un centro con unhas rúas acaídas, con unhas beirarrúas anchas, con unhas



viales de acceso pertinentes, donde poder entrar e saír un autobús, donde se poidera estacionar, como quedou, quedou así ¿porqué?, porque se fixo así tarde mal e arrastrado, porque é que os centros públicos nunca se miraron para eles, y así estamos, sin centro de día, sin centro de saúde, sin instituto, ecétera, ecétera, que o temos reclamado, témolo falado centos e centos de veces, é dicir, para os centros públicos nunca houbo iniciativa por parte deste Concello, por parte do Partido Popular que levan vintemoitos anos aquí, e si os hubo para centros privados, aí si que hai, aí si que houbo interese por parte dos concellos do Partido Popular, en ser socios de centros privados tamén en este Concello, e concellos limítrofes, entonces é dicir, que non, que non nos veña con esa historia porque non, evidentemente está claro que non é certo, ¿non?. Y bueno, en relación coas terrazas, cos estacionamentos indebidos, efectivamente, de pouco vale que o PSOE, que vostedes pidan aquí que se instalen líneas amarelas de prohibición en determinados lugares, que o BNG o faga, si despois se pinta a línea e despois non hai ninguén que vele por esto, porque habendo aínda seis Policías locais, pues bueno es que da exactamente igual, a xente campa a sus anchas, y eso non ten sentido, é dicir, unha parroquia como poder ser A Valenzá y o resto do Concello igual, pero sobre todo nomeadamente A Valenzá polo exceso, pola poboación que ten, polo exceso polo volume de vehículos que hai, ten que haber un control, a este tipo de respectos, estacionamentos, de prohibicións, etc,etc, non? . Si decides que efectivamente, pois no cruce dos Patos en relación coa rúa do Viso, si efectivamente aí, se denota, e os que vivimos aí o sufrimos día a día, que tu chegas a eses cruces y como hai unhas meses, pois o cruce era ao revés, a xente chega alí e non sabe si ten prioridade, si non a ten, si a señal vale ou non vale, e entón chegas alí y casi tu tes que regular o tráfico co do outro vehículo, no pasa tu, no, que no me toca a mi, eso porque, porque non hai orden ni concierto, é dicir, porque hoxe onde se pon unha señal, mañá se pinta y se tacha ó revés, y así estamos como estamos, ¿de acordo?. Reseñar tamén, a zona verde que hai pois ao lado do AR-1, esta famosa zona verde que queda por debaixo do AR-1, donde hai un vial, que está, aí si que está sinalizado, como si ese vial estivera aberto, y está ocasionando problemas de circulación, xa houbo algún accidente no lugar, y bueno dicir que si efectivamente tal y como parece que queda, o Partido Popular van a barrenar esa zona, van a sacar esa zona de circulación porque non interesa, porque xa parece que hai moitas, ¿non?, entón, van a quitar esa zona verde, nós temos pedido por activa e por pasiva que non se faga, si anularen outros viais importantes y pedimos que si efectivamente se reformen, se teña a mau para reformar ese lugar donde hai barandas, donde hai vallas destruzadas y donde hai un, se remata unha vía, e non hai señal de



remate de vía e donde xa houbo accidente y é unha cuestión que tamén compre reordenar. Desde logo estamos de acordo coa moción, e votamos a favor da moción do PSOE.

Sr. Alcalde: Bien, nós tamén vamos a votar a moción a favor, co cual non vamos a discutila, ¿vale?

Sr. Morenza: Temos dereito a contraréplica, sr. Alcalde

Sr. Alcalde: ¿ Réplica?, si lle vou a votar a favor que me vai replicar,

Sra. Morenza: E que importa que vaia votar a favor, usted explica, eu explico os meu argumentos, el explica os seu argumentos, vostede explica os seus, xa sabemos que non os ten e agora eu vou facer un comentario sobre, teño dereito a réplica, dio o regulamento.

Sr. Alcalde: Ben, ten un minuto

Sra. Morenza: Estamos moi satisfeitos de que acepte esta moción, vemos que considera que é importante levar, nós non estamos, non cuando facemos construción, o sea, oposición constructiva, vostede sempre nos acaba dando a razón, pero mire estes seis puntos que aparecen eiquí neste acordo, ¿vostede está seguro de que os vai cumprir?. Pense ven sr. Alcalde se quere votar a favor se os vai cumprir, pénsese ben.

Sr. Alcalde: Xa está pensado.

Sra. Morenza: ¿vostede vai facer un plan de reordenación para os colexios públicos?, ¿vai revisar as barreiras arquitectónicas?, ¿vai crear estacionamento para bicicletas?, ¿vai facer todo eso?

Sr. Alcalde: Vou facelo, vou. Vou mandar facelo. Que eu non o vou facer.

Sra. Morenza: Moi ben, estamos moi satisfeitos, sr. Alcalde

Sr. Alcalde: Pois entonces queda aprobada por unanimidade, entonces pasamos ao seguinte punto, que son a dación de contas da Resolucións de alcaldía, que é simplemente dar conta

PARTE DE CONTROL

7.-DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión.

Sr. Fírvida:

O Bloque Nacionalista Galego presentou tres mocións, o martes da semana pasada oito días antes da realización deste Pleno e tres días antes das Comisións Informativas, mocións presentadas que nós entendemos que todas están de máxima actualidade e ademáis teñen carácter de urxencia, porque a situación que está vivindo algunha das familias, cas que tivemos nós contacto ultimamente é de



absoluta urxencia y me estou referindo neste caso á moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, para adoptar acordos en contra o drama dos desafiuzamentos, por eso eu quero saber, si se vai a aceptar ou non, o debate desta moción, porque sinon si que quero comentar algo sobre esta moción, si non se vai a aceptar, porque sr. Alcalde, si non nada máis urxente, si non hai nada máis urxente hoxe en día, que unha familia con menores, que pode quedar na rúa proximamente, dígame vostede o que é, dígame se é máis urxente que nós saibamos aquí, cal é a súa declaración da renda, a declaración que non fai, ¿eh?, o si é máis urxente, que unha familia se quede sen vivenda onde vivir, dígame vostede, xa non digo, que tamén o é, para o Bloque Nacionalista Galego moi importante o día da muller, o día internacional da muller, xa o defendimos, y xa o defendimos, y xa o debatimos é certo, pero nós consideramos que é de extrema urxencia, o que acaba de preguntar Vicki, o que acaba de preguntar a concelleira do Partido Socialista, ¿sr. Alcalde está vostede disposto a cumprir cos acordos que se adoptan neste Pleno de maneira unánime?, porque no Pleno de xaneiro deste ano, aprobouse unha moción do Bloque Nacionalista Galego, de loita contra o drama dos desafiuzamentos, que recollía unha batería de acordos en seis puntos, unha batería estensísima de acordos, entre eles instar á Xunta de Galiza a crear un fondo de emerxencia social para a axuda de casos extremos de necesidade social de urxencia de xente que poda quedar desafiuzada ou sin vivenda, acordos, fondos municipais tamén de emerxencia e por os servizos sociais do Concello a disposición desa xente, a creación dunha comisión de seguimento dos casos de desafiuzamento no noso Concello, onde participase grupo de goberno, grupos da oposición, técnicos do Concello, os Servizos Sociais e plataformas en contra dos desfiuzamentos, eso todo está aprobado, e nós hoxe vimos eiquí a dicir, constituía esa comisión, e fagan os seus deberes, hai un drama, hai un drama, hai xente que se está suicidando, hai xente que xa houbo intentos de suicidio en Barbadás, aínda que non salgan nos periódicos, pero xa os houbo, eu dígollo así, xa os houbo, sr. Alcalde, o que estamos dicindo é que constituía vostede esa comisión de seguimento, primeiro estamos dicindo que se debata a moción do Bloque Nacionalista Galego, eu quero, si a defendo así, ou si estamos debatindo para poder despois dicir algo.

Sr. Alcalde: Mire, estamos debatindo a urxencia, primeiro,

Sr. Fírvida: Ben, pois esta é a urxencia da moción do BNG, desta moción

Sr. Alcalde: Vamos a ver, non espera espera..

Sr. Fírvida: Nós debatimos, practicamente a mesma moción en xaneiro, entón o motivo de non, en principio, aceptar que se meta por urxencia, todo o argumento que usted fai na súa moción xa se fixo



en xaneiro

Sr.Fírvida: Non, sr. Alcalde, non

Sr.Alcalde: Eu non teño inconveniente en que se volva a debatir, non hai ningún problema, pero é que xa se fixo en xaneiro

Sr.Fírvida: Non sr. Alcalde, non

Sr.Alcalde :Xa se fixo en xaneiro, non teño inconveniente en aceptarlle, a verdade é que é ridículo porque logicamente xa se votou na comisión informativa, porque se había feito a mesma exposición de motivos en xaneiro, pero bueno, en todo caso, non teño, non temos inconveniente, porque nós estamos por suposto a favor de axudar a todas as persoas necesitadas polos desafuzamentos, é máis, está feito todo, de aí, salvo o de crear a comisión, e a persona esa, unha desas que ten un problema, veu a falar comigo, nós desde o Concello, que somos todos, puxémoslle a súa disposición tódolos medios ao noso alcance, que lle quede claro, el xa o sabe ademais. Non hai problema, en todo caso

Sr.Firvida: Sr. Alcalde, neste caso estou disposto a retirar a moción do Bloque Nacionalista Galego, estou disposto a retirala, si vostede cumpre cos seus compromisos,é dicir esto non é unha cuestión de debate político

Sr.Alcalde: Si, si, non hai problema, crear a comisión

Sr.Firvida: polo tanto eu estou hasta diposto a retirar esta moción do debate político, deixémolo a parte, deixemos liortas municipais y o que nos decimos e que constitúa inmediatamente, urxentemente esa comisión de seguimento

Sr.Alcalde: Pois o salir de eiqui xa se constitue, non hai problema ningún.

Sr.Firvida: e que poñan os Servizos Sociais e que busquen un fondo de emerxencia social para axudar a esta xente, que busquen unha maneira de crear unha bolsa de aluger para as familias que teñan maiores problemas económicos.

Sr.Alcalde: eso son palabras maiores pola limitación económica, nós non temos capacidade para eso, a un puntualmente pódese facer, agora un fondo para que todo o mundo recurra a él, o Concello non é a Xunta, nós podemos propoñerllo á Xunta,

Sr.Tenente alcalde: eso xa se lle propuso,

Sr.Alcalde: eso xa se lle propuso,

Sr.Firvida: eso esta aprobado no pleno

Sr.Alcalde: eso xa llo propuse, mire, o que falta é crear a comisión, nós aceptamos, o salir do pleno si quere reunímonos no salón de de, ou eiqui mesmo, e decidimos quen é esa comisión, non hai ningún



problema, porque eu estou, nos estamos tan sensibilizados coma vostedes, non hai problema, usted está de acordo, quere debatila ou quere simplemente

Sr.Firvida: non, non, eu xa o dixen estou disposto a retirar esta moción si vostede cumpre coa creación de esto porque o único que,,,

Sr.Alcalde: asumido, mire facemolo en conxunto os tres partidos, si si si, por suposto

Sr.Firvida: mire e nada máis deixemos esto de liortas, que non se diga que non hai pisos valeiros na Valenzá, xa está ben.

Sr.Alcalde: o saír, o acabar o pleno nos reunimos e deseñamos a comisión, deseñamos, digamos as medidas a tomar, as que sexan logicamente da nosa competencia, sin ningún problema ¿vale?

Sr.Firvida: e temos outra moción presentada tamén con carácter de urxencia, claro falamos de carácter de urxencia cando presentamos mocións oito días antes dun pleno e que esto xa está empezando a resultar

Sr.Alcalde: temos unha normativa establecida vostede lévana incumprindo durante un ano, así que chega un momento que hai que paralo.

Sr.Firvida: non señor Alcalde, non señor Alcalde a normativa quen ven incumplindo, son vostedes, porque os Plenos de este Concello convócanse cando a vostede lle da a gana, aquí téñense adiado Plenos porque os concelleiros do Partido Popular están de vacacións, téñense adiado os Plenos porque están de vacacións funcionarios municipais, téñense adiado Plenos tamén porque o temos pedido ou porque se ten impedido desde o algún grupo da oposición, aíquí nunca se sabe cando hai un Pleno, ah, pero resulta que nós sin saber, sin saber a data concreta de realización dun pleno ou a data da convocatoria dunha dunha comisión

Sr.Alcalde: non, vostede saben que cada primeiro lunes de cada mes son os Plenos, hoxe é primeiro lunes de mes, por norma

Sr.Firvida: señor alcalde, non é certo, non é certo porque eiqui convócanse o Pleno cando a vostede lle peta, dígame vostede con que antelación temos que presentar as mocións para que se sexan admitidas a trámite, dous meses antes, teño que presentar agora os do mes de maio.

Sr.Tenente alcalde: Firvida, dio no reglamento

Sr.Alcalde: dio no reglamento

Sr.Firvida: Manolo tú sabes, Manolo, mocións, mocións, ben señora secretaria, mocións con carácter de urxencia aprobáronse en este Pleno antes de que vostede fora Secretaria durante toda a vida ¿eh? Así que non nos veña a dar leccións de nada ¿eh?, entonces, aprobáronse sempre, sempre sempre e



desde que vostede é Secretaria, sempre, sempre se aprobaron as mocións con carácter de urxencia

Sr. Alcalde: antes non había reglamento, agora haino

Sr. Fírvida: porque o señor Alcalde quería, efectivamente y porque non estaba tamén presionado y porque quería, e agora resulta que pasa o que pasa neste Pleno, e resulta que agora xa non se van aceptar mocións presentadas oito días antes dos plenos, pero vamos a ver, cando vamos a ter que presentar as mocións, que é urxente para vostedes para que non se poidan presentar algo oito días antes dun Pleno.

Sr. Alcalde: por favor justifique a urxencia se quere da moción, senón

Sr. Fírvida: e o que lle estou dicindo a terceira moción ademais que presentabamos, ademais da muller traballadora, ademais do día da muller e a moción sobre a convocatoria da comisión de seguimento que entendo, que se vai facer, no deixamos de lado e unha outra moción onde nos solicitabamos que o Partido Popular recupere a delegación que ten feito na Delegación Provincial na Deputación Provincial de Ourense, para a cobranza dos impostos municipais que nos costa ao noso Concello noventa mil euros todos os anos, enriba este ano délegase nunha empresa privada a concesión da cobranza do imposto do lixo, que todavía non sabemos en canto nos vai saír, aínda así lle seguimos pagando a Deputación de Ourense noventa mil euros e resulta que neste Concello hai perto de cen funcionarios municipais e non somos capaces de xestionar os nosos propios impostos, esa era a terceira moción que presentabamos.

Sr. Alcalde: ben, pois como entendo que eso non ten urxencia simple e llanamente, porque a día de hoxe, estamos a principio de ano está adjudicada en todo este ano, hai tempo máis que suficiente para debater isto si usted, si usted cree, si usted cree, si usted cree

Sr. Fírvida: urxente é para decir que vostede non fai a declaración da renda durante cinco anos, eso si que é moi urxente

Sr. Alcalde: oiga perdón, usted estame faltando á verdade, ó respecto, eu sempre fixen a declaración da renda, fixen sempre a declaración da renda, perdón non se confunda usted, o millor non a fixo usted o millor non a fixo usted, sempre fixen a declaración da renda, ojo ¿eh?, vale en todo caso non é justificable a urxencia porque lle dixen, doulle a palabra neste caso a Secretaria porqué por alusións parece quere a tomar a palabra

Sr. Valcarcel: teño dereito a intervir.

Sr. Alcalde: agora vai intervir ela

Secretaría: si; esto es un minuto, voy a utilizar el minuto de alusiones, bueno sí en primer lugar, si,



alusiones porque acaba de decir o insinuar que esta Secretaria está presionando al Alcalde para que no acepte mociones, entonces se lo voy a aclarar; desde esta Secretaria Municipal se tiene un cuidado exquisito con el grupo tanto de gobierno como el de la oposición, porque se les llama por teléfono a todos sus móviles recordándole sus obligaciones de presentación de documentación, avisándole de las celebraciones de las sesiones ecétera, (perdón es que estoy en mi tiempo de intervención), por lo tanto no se puede decir que haya ningún tipo de dejadez, segundo, yo no soy, ni nadie de la Secretaria Municipal el que avisa o el que acepta o rechaza las mociones, es el Presidente de la Corporación cara su inclusión en el orden del día, en su libre albedrío, porque de hecho como usted dice desde que yo estoy aquí mucho antes, y mucho después de que esté, se aprobarán mociones con carácter urgente, cuando el Presidente lo decida, no cuando lo decida el secretario que le da exactamente igual y mire yo lo que le acabo de constestar ahora mismo, es a una pregunta suya en virtud de mi misión técnica: ¿cuando tenemos que presentar las mociones? y yo le contesto, porque es técnica la pregunta, cuando pone el Reglamento Orgánico Municipal, si usted va al apartado donde pone las mociones dirán: serán presentadas en Secretaria o en Registro General, no en Secretaría, antes de las doce horas del lunes anterior al de la celebración del pleno, si el pleno es ordinario se presupone que ustedes saben que mes si y mes no, el primer lunes de mes tienen pleno, si hay alguna modificación que el presidente de la corporación hace eso ya es una cosa del Presidente de la Corporación y suya, pero desde la Secretaría, estamos dispuestos todos los lunes anteriores para hacer la convocatoria, porque necesitamos unos plazos legales; ese lunes se recibe la documentación, porque hay que convocar el pleno para la Comisión Informativa del jueves, y de paso que se convoca la Comisión Informativa, se convoca el Pleno esa es la única explicación de carácter estrictamente técnico cosa, que yo le agradecería que no metieran más a esta Secretaria en temas que no son de su incumbencia, porque yo no entro, yo no tengo papel en este debate político; gracias

Sr. Firvida: a ver por alusión, é certo se nos ten chamado por teléfono, ese é a proba de que os Plenos son cando son, si porque si a mi se me ten que chamar por teléfono é porque non teño claro cando é un pleno, se a mi se me chama por telefono é para decirme non é o día catro que é o día catorce, se a mi se me chama por teléfono é para decirme presenta Fírvida o luns porque hai pleno tal día, y porque non hai unha norma xeneralizada y porque así nos saltamos a toreira todas as ordes, de todas maneiras o que dí o regulamento redactado por vostede, é que, si redactado por vostede, e que hai que presentar as mocións ordinarias, non as mocións con carácter de urxencia, polo tanto o que acaba vos de decir a pesar de que está fora de contexto, por respecto non é, non é, non é neste caso



para o que estamos debatindo mocións con carácter de urxencia, que ten que aprobar que señor Alcalde non é non é relativo claro, entonces mire y ¿ porqué pon y porqué dice vostede, que ten que ser ás doce horas do luns anterior da celebración do Pleno? ¿porqué non pon tres meses antes?

Sr.Alcalde: porque o dice o reglamento

Sr.Firvida: ah, o reglamento que fixo ela claro

Sr.Alcalde: ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

Sr.Firvida: pero de todas maneiras estamos debatindo a urxencia dunhas mocións con carácter de urxente

Sr.Alcalde: aclarado señor Fírvida, está aclarado, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

Sr.Valcarcel: o Grupo Municipal Socialista vai apoiar a petición de urxencia destas mocións do Bloque Nacionalista Galego, aquí queremos decir desde logo que os regulamentos están para ser utilizados dun xeito flexible, xa que as problemáticas da veciñanza non poden estar postgradadas en función dun regulamento, un regulamento que en todo sexa dito de paso, absolutamente restrictivo para o uso e a participación democrática da oposición, e non é de recibo, que hoxe se presenten as mocións con practicamente dúas semanas de antelación e que se restrinxa a palabra, aquí quero recordar este Pleno de hoxe foi convocado, creo lembrar o xoves da semana pasada non, da anterior, se estamos decindo que a convocatoria a presentación creo que si, o xoves ou o venres,

Sr.Tenente Alcalde: o jueves

Sr.Valcarcel: o jueves da semana anterior que a señora Secretaria acaba de decir que, o prazo de presentación das mocións finaliza ás doce horas do luns anterior á celebración do pleno, eu xa tiña a convocatoria, eu xa tiña a convocatoria, xa tiña a convocatoria o xoves pasado

Sra. Presas: non, o luns anterior da comisión, da comisión.

Sr.Valcarcel: bueno o que quero decir, ademais, dixo o luns anterior o Pleno, está gravado, a dicho o luns anterior o pleno e polo tanto a min chegoume a convocatoria

Sr.Tenente alcalde: O luns

Sr.Valcarcel: non

Sr.Tenente alcalde: si,

Sr.Valcarcel: non, creo que non

Sr.Tenente Alcalde: si

Sr.Valcarcel: pódese verificar, pódese verificar perfectamente,

Hai que ser flexibles, hai que ser flexibles tamén no uso da palabra por parte da oposición, e aquí



quérolle decir á señora Secretaria tamén que se equivoca o prazo para a celebración dun pleno está estipulado entre o luns e o mércores, o primeiro luns e o primeiro mércores dos meses impares non o luns, non o luns, que pode oscilar entre o luns e o mércores o señor Alcalde cumpre o regulamento, agora falou do regulamento vostede, pero no último pleno extraordinario que se celebrou aquí o xoves pasado, foi unha vergoña señor Freire, vostede non fixo, nin cumpriu o regulamento nin polo forro nin se acordou del, nin se acordou del, vostede reíuse do cidadanía e da oposición señor Freire, aquí houbo xente que nos insultou, que nos insultou, e vostede non se dignou a defender a dignidade e a representatividade

Sr. Alcalde: eu chameinos ó orden cuando correspondeu

Sr. Valcarcel: dos veciños, dos concelleiros da oposición, non é chamar a orden, non é chamar a orden, vostede ten amenazado sistematicamente a moitos veciños, moitos non, os poucos que asisten algunha vez que estiveron aquí presentes, amenazalos de expulsión cando non faltaron ao respecto a ninguén e outro día a nós insultáronnos, vituperáronos e vostede non fixo o máis mínimo amago de expulsalos,

Sr. Alcalde: eu chameinos ó orden

Sr. Valcarcel: despois está, señor Freire está gravado, eu remítoles o feito de que en outros Plenos vostede amenazou coa expulsión por moito menos do que ocorreu o outro día

Sr. Alcalde: vale, tamén os amenazei o outro día, e tamén os chamei ao orden

Sr. Valcarcel: Non amenazou con expulsar a nadie

Sr. Alcalde: Bueno

Sr. Valcarcel: eu invítolle a que o Regulamento se cumpra estrictamente en tódalas ocasión e en tódolos casos.

Sr. Alcalde: por suposto veña, acabóuselle o turno de intervención.

Sr. Valcarcel: unha pequena intervención máis, vostede fai o seu traballo, falando da moción do Bloque Nacionalista Galego, en relación aos desafuzamentos, vostede fai o seu traballo cando lle peta e cando lle parece, porque é de verdade, vergoñento, vergoñento que vostede esté quieto parado dous meses sin crear unha comisión en relación o tema dos desafuzamentos, e que vostede nos diga agora que de repente o saír de eiquí creamos a comisión para quitar esa moción do Bloque de enriba e durante dous meses que estivo facendo?

Sr. Alcalde: vamos a ver, por favor para intentar solucionar o problema.

Sr. Valcarcel: porqué neses meses, ¿que estivo facendo vostede?



Sr.Alcalde: Eu, a moción do Bloque podía votala de encima votando en contra,

Sr.Valcarcel: durante os dous meses que estivo vostede, desde que se aprobou esa moción

Sr.Alcalde: vale acabouse a intervención, ¿votos a favor da urgencia? ¿votos en contra? bueno pois queda rexeitada cos votos do Partido Popular e pasamos o punto sete rogos e preguntas.

7- ROGOS E PREGUNTAS

Sr.Firvida: de cumprir os acordos no mes de xaneiro

Sr.Alcalde: bueno pasamos a rogos e preguntas, ten a palabra o voceiro do BNG, rogos rogos rogos.

Sra. Morenza:

- que se amplie o horario de atención para a venda de bonobuses na Casa de Cultura ou que se adapte ás franxas horarias laborais dos usuarios.
- Que se instale un punto de iluminación pública na porta de acceso á Campo de Fútbol dos Carris.
- Que se instalen carteis de prohibición de entrada de animais nas inmediacións do parque dos Patos e no resto dos parques aínda onde non o teñen por exemplo en Loiro, en Piñor e por último.
- Que se coloquen máis bancos no Campo de Roma, en Piñor e de xeito tal que sexa posible a interacción entre os usuarios, e que os bancos non se poñan en ringleiras, como se está facendo hasta agora senón uns enfronte dos outros. Grazas

Sr.Alcalde: moi ben preguntas

Sr.Valcarcel: nos temos unha serie de preguntas para formular .

- A oficina ubicada na Avda. da Liberdade número 125 de Matosinhos onde está radicada a promotora Alba María na que o Sr. Alcalde participa no 60% e a súa dona nun 40% ¿ é propiedade da citada empresa ou é alugada?

Sr.Alcalde: é alugada

Sr.Valcarcel: e pode aportar o Sr. Freire entón o contrato de aluger ou os recibos de pago dos mesmo?

Sr.Alcalde: pois eso terei que preguntarllo, por suposto a outra parte

Sr.Valcarcel: ¿podemolo solicitar eiqui?

Sr.Alcalde: vamos a ver, podó darlles ou podó contarllo, que eso é outro problema

Sr.Valcarcel: eso é cuestións súa ¿eu podó solicialos?



Sr.Alcalde: vale

Secretaria: non, eso son datos personales, no son informativos

Sr.Alcalde: eso é unha empresa, que non estamos falando dun particular, bien máis

Sr.Valcarcel: ¿como pode vostede explicar que Mahía e Maexpa reciban a correspondencia no mesmo lugar que a recibe a Sociedade Promotora Alba María?

Sr.Alcalde: porque alí, había bastantes máis oficinas que agora, por certo cerraron, ¿eh? pero había máis oficinas que unha, que dúas, e que tres

Sr.Valcarcel: ¿porqué a deixaron?¿ porqué a depositan en Alba María?

Sr.Alcalce: eso é problema da empresa, que a vostede non lle importa,

Valcarcel: moi ben, ¿como é posible que unha empresa cun capital social de tan só 5.000 euros teñen uns activos de 791.489 euros segundo consta no Rexistro Mercantil de Portugal e ademais non teña préstamos ou hipotecas con entidades bancarias?

Sr.Alcalde: Vostede sabe que as empresas de hoxe en día, míranse por as accións, unha empresa hoxe pode ter un activos de setecentos mil, e maña pode ter catrocentos porque se dedicaba a comprar e a vender e basicamente e alquilar, entón si hoxe, vostedes miraron, tiñan os activos de setecentos mil maña poden ter catrocentos y para outro día pode ter novecentos, usted ten que ter claro eso, que as empresas teñen accións, e as accións poden, de feito témolo moi claro, mira cando valía Caixa Galicia fai uns anos e canto valeu agora.

Sr.Valcarcel: señor Freire estou falando de activos tanxibles, non de accións, activos tanxibles son bens inmobles, eu recórdollo por si acaso, non son accións, non falo de accións,

Sr.Alcalde: estoulle dicindo, estoulle dicindo, que os bens inmnoles que se compran e se venden a actividade da empresa, era esa única e exclusivamente

Sr.Valcarcel: as accións tanxibles non son accións señor Freire, retificolle

Sr.Alcalde: vale, vale

Sr.Alcalde: e ademais, non tiña préstamos, nin hipotecas con entidades bancarias

Sr.Alcalde: pero túvoos, túvoos, por suposto que os tuvo, pero eso é problema da empresa o que nos teña a día de hoxe, nos quera decir que non os tuvera hai dous ou tres anos.

Sr.Valcarcel: ¿que persoa ou persoas físicas ou xurídicas son as que aportan os 667.392,27 euros que se reflicten no apartado de outros pasivos correntes da empresa?

Sr.Alcalde: Eso é problemas dos socios que non teño que explicarlle, en primer lugar porque eu son só unha parte, entón eso non teño porque explicarllo a vostede nin a nadie, vamos



Sr.Valcarcel: supoño que está constando en acta todo o que estamos falando non?

Sr.Alcalde: si, si, claro por suposto.

Sr.Valcarcel: moi ben, a quen lle mercou Alba María Sociedade Promotora de Bens inoveis os activos fixos dos que é propietaria?

Sr.Alcalde: a diferentes empresas

Sr.Valcarcel: eu non pregunto a diferentes, eu pregunto a quen

Sr.Alcalde: a diferentes empresas, xa lle digo, eso non é obrigación de contarllo

Sr.Valcarcel: moi ben,

Sr.Alcalde: porque xa lle digo que se dedicaba a comprar, vender e alquilar vale?

Sr.Valcarcel: ¿que propiedades mercou en Barbadás o Sr. Alcalde ou as sociedades nas que participa ben el ou a súa familia a Mahía ou Maexpa?

Sr.Alcalde: pois varias

Sr.Valcarcel : ¿cales?,

Sr.Alcalde: pois non llo teño porque decir, vai ustede o rexistro e míreos

Sr.Valcarcel: iremos

Sr.Alcalde: claro

Sr.Valcarcel; iremos

Sr.Alcalde: Home, xa foron antes que problema hai

Sr.Valcarcel: pois iremos xa llo digo, desde logo que irei. ¿Cales son e onde están ubicados os activos da sociedade Eichoa que ten a súa razón social no domicilio do Sr. Alcalde en Ourense?

Sr.Alcalde: como, como, que non entendín esa pregunta

Sr.Valcarcel: ¿Cales son e onde están ubicados os activos, é decir, as propiedades, activos tanxibles como igual da sociedade Eichoa que ten a súa razón social no domicilio do Sr. Alcalde ?,

Sr.Alcalde: en Barbadás, en Barbadás, en Barbadás,

Sr.Valcarcel : e cales son?

Sr.Alcalde: pois moi pouca cousa, xa lle digo, que non teño porque decirllo, simplemente un apartamento e un local

Sr.Valcarcel: e o local onde é?, pode ser na avenida de Celanova 122?

Sr.Alcalde: non, non, che digo que non, ¿vale?, máis

Sr.Valcarcel: non, de momento non,

Sr.Alcalde: pois ten a palabra o voceiro, dixeches que non, bueno pois entonces,



Sra. Morenza: ¿está previsto estudar a posibilidade de esixir dende o Concello unha estética similar para a instalación de veladores nas terrazas dos establecementos hosteleiros?

Sr. Alcalde: Si e ademais incluso está previsto que embellezcan os veladores do entorno como se fan noutros sitios cun modelo único, podendo ser así

Sra. Morenza: pero no seu día aprobouse unha ordenanza e isto non se recollía, ¿vas a facer unha modificación da ordenanza?

Sr. Alcalde: xa se falou para eso, incluso que podan, que podan no que deban, poñer flores para que polo menos contrubuyan ó embellecemento do que é a zona

Sra. Morenza: pero vaise facer unha modificación da ordenanza que virá a pleno supoñemos ¿non?

Sr. Alcalde: Vamos a ver, si, en principio vai ser voluntario, se lle vai a plantear, porque esa ordenanza leva tempo, e o mellor para este verano, para que poñan unhas jardineras estandar similares en todo los sitios, pois se lle vai a propoñer iste ano, evidentemente que se vai a modificar a ordenanza para que sea así, nos laterales en todo caso eso poderase discutir eiqui en consenso, que tampouco hai ningún problema

Sra. Morenza: Claro, porque supoño, a colación de esto, fágolle outra pregunta que esta si que non a teño recollida porque lembramos que vostede dictou un bando respecto a recollida de excrementos de animais, non veu a pleno nin nada, o tema é unha cuestión informal, que se fixo un bando, non hai, non temos ordenanza, non temos nada, as cousas fanse así improvisando polo que vemos, está previsto facer, elaborar unha ordenanza para

Sr. Alcalde: si, ¿para o dos perros?, si

Sra. Morenza: non só para animais perigosos que xa a temos, xa a leva pedindo o Partido Socialista dende a que lle fala é concelleira,

Sr. Alcalde: todo leva un tempo

Sra. Morenza: pero vostede dictou un bando, que alertou a moitos propietarios de cans e non saben a que aterse, porque non existe unha normativa

Sr. Alcalde: non, pois saben a que aterse, saben a que aterse, pois que non vaian os parques a defecar e cada un nun sitio,

Sra. Morenza: pero non existe unha normativa municipal o respecto

Sr. Alcalde: hai, claro que hai, ¿como que non?

Sr. Tenente Alcalde: hai, como que non hai

Sra. Victoria: levámola reclamando anos, levámola reclamando dende hai anos, ordenanza municipal



non, hai de animais perigosos, pero de animais domésticos non, de animais perigosos señor tenente alcalde, por favor e que xa o sabemos

Secretaría: eso es una disposición de carácter normativo

Sra. Morenza:

A outra pregunta e ¿porqué se prohibiu o estacionamento ou baixo que condicións se limitou no campo do Piñeiro, en Piñor, tendo en conta que se trata dunha zona onde hai poucos lugares nos que estacionar?

Sr. Alcalde: porque alí é necesario para que pare, para que aparque e collan os nenos do grupo escolar o autobus do grupo escolar que viñeron e aquí, que por certo si pintaron, pintaron bastante rápido, porque aínda estivo aquí, un grupo de veciños de Piñor, solicitando eso, solicitando a prohibición de aparcar e pintar unha parada de autobus escolar, porque se non cando suben para arriba o autobus ten que parar no medio da carretera

Sra. Morenza: Pero nós estamos de acordo en que se faga unha zona de habilitación de zonas específicas para os autobuses, pero o que non se pode é tomar iniciativas e limitar o espazo, e non deixar practicamente espazo para aparcar, pódese habilitar unha zona ,

Sr. Alcalde: pero vostede que prefiere ¿que pare o autobus cos escolares alí ou que haxa seguridade para os nenos ou que sexa aparcamento? e que é incompatible

Sra. Morenza: hai espazo de abondo, e quitáronse moitos aparcamentos cuatro ou cinco, temos entendido

Sr. Tenente Alcalde: para parar o autobus

Sr. Alcalde: Para parar o autobus, o autobus non pode parar se están aló os coches aparcados

Sra. Morenza: Pero hai unha zona onde o autobus non para ,e polo visto aí tamén se limitou, eu solo quería que me o explicara, non quero entrar en detalle.

Sr. Alcalde: en todo caso se hai algún problema, poderase reconsiderar, pero o motivo é ise

Sra. Victoria: é unha zona así que se mete, que hai unhas casas de fronte

Sr. Alcalde: si, ben sei onde

Sra. Morenza: ben, era solo para aclarar

Sr. Alcalde: vale,

Sra. Morenza: e xa por último ¿está planificada algunha actuación da mellora no Común ou mesmo habilitar de novo neste lugar unha zona de esparcemento infantil con elementos de xogo, toda vez que se desmantelou hai meses e non se fixeron melloras no lugar?



Sr. Alcalde: vamos a ver, non Común en principio estamos un pouco decepcionados do mobiliario que se pon alí, porque como queda moi distanciada do pueblo, logicamente rómpeno, o sea o pouco tempo de poñelo, entón, non estamos dispostos a invertir recursos, malgastar recursos que moitas veces para que sufran vandalismo permanente y logicamente non poder usalo, entón nós todo o que sea, como ben sabe usted, ademais, no centro do pueblo e onde se usen con frecuencia como é o Campo de Roma sin ningún tipo de problema, agora levar os recursos que neste momento a zonas moi alleas ao pueblo, donde sufren permanentemente vandalismo, a verdade é que un tema para considerar, porque non é rentable para a sociedade.

Moi ben pois entón levantamos a sesión é vamos a facer agora a comisión, a perdón perdón

Sr. Vispo(Partido Popular): si por alusión

Sr. Alcalde: vamos a ver, si vaille dar cuenta a Concelleira de Deportes do problema que lle planteaban outro día aquí en relación coa súa vivenda, que se non é unha vivenda privada, que si esta en urbanización privada ben, entonces ten a palabra.

Sra. Vispo:

En base a las alusiones en el último pleno extraordinario del portavoz del BNG, Xose Manoel Firvida, sobre la legalidad de la parcela cerrada donde se ubican seis viviendas uno familiares, una de ellas de mi propiedad en Las Lamas, les hago entrega del informe técnico que corrobora la legalidad de su cierre.

Informarle que la luz y el agua están a nombre de la comunidad de vecinos y que pagamos todos los propietarios con una cuota mensual. Le queda claro ahora que no tenemos luz y agua pública.

Sr. Firvida creo que con este informe Vd. debe de retractarse públicamente así como emitir un comunicado en prensa pidiendo disculpas públicas a los vecinos que allí viven así como a mi propia familia que no tienen culpa de que me dedique a la política.

Vd. Miente más que habla, antes de afirmar compruebe sus palabras, o es que tampoco se fía de sus colaboradores de su propio partido que ya en su momento en el 2007 pidieron informes sobre la parcela..... Es más fácil mentir y mentir y dañar moralmente al que se cruce en su camino.

Sabe lo que es el maltrato de palabra..... Es lo que Vd. hace, cree que con levantar la voz le van a creer.....si ya no se creen ni en su propio partido, algunos escapan ,otros lo dejan por mala conciencia, me refiero a sus compañeros de Orense, última noticia en la Voz de Galicia, yo creo que Vd. debería hacer lo mismo.. Su conciencia ya no le deja trabajar por sus votantes.

La verdad siempre sale y los que tenemos la conciencia tranquila ni gritamos ni mentimos, la



credibilidade se demuestra a diario.....la verdad habla bajito Sr. Firvida.

Tengo que darle los gracias por pensar que lo hacemos todo tan bien que hasta se olvidan de hacer su trabajo..... Los vecinos de Barbadás que les han votado estarán encantados, pero ahora protestaran y volveran a gritar que el partido popular no le admite las mociones, como ha sido ahora, fuera de plazo.Sr. Firvida en todos las empresas hay unas normas y un reglamento si no se cumple le puede pasar factura,sus votantes tienen que saber de su desidia.

Sr. Firvida póngase a trabajar por esos vecinos que les han votado y menos mentiras..... yo no se las voy a consentir, sobre todo por las familias, a los que ha insultado, vale, y si no se retracta publicamente nos veremos en el juzgado.

Sr. Firvida: eu non me retracto de nada do que dixen no último Pleno celebrado neste Concello, todo o contrario, reafirmome en todo o que dixen naquel pleno, en todo, todo o que figure na acta de aquel pleno, reafirmome absolutamente en todo, o que dixen o martes é que hai unha urbanización que construíu a inmobiliaria Mahia, neste Concello, de seis vivendas, que curiosamente nunha destas vivendas vive unha concelleira do Partido Popular y que é a única urbanización de todo o Concello de Barbadás que está pechada, eso foi o que dixen eu no Pleno, nin máis nin menos, pero como está a acta aí, como está unha gravación, esa gravación que a colla a señora Concelleira, que por certo é a primeira vez en toda a lexislatura que abre a boca, que hoxe ben unha moción polo día internacional das mulleres e non abre a boca, que cando falamos de deportes, non abre a boca, que cando falamos das instalacións deportivas non abre a boca, que cando falamos de educación en este Concello, non abre a boca, unha Concelleira que cobra 1.400 euros o mes por media xornada laboral, por catro horas diarias que non sabemos donde cumpre, porque os meses de xullo e de agosto a Casa de Cultura está pechada a cal e canto e temos preguntado moitas veces neste Pleno onde traballa esta señora que gana 1.400 euros por media xornada compatibilizando co seu traballo nun banco privado, eh? E todavía non o sabemos, e¿h? Temos pedido explicación na Casa de Cultura, na Concellería de Cultura, na Concellería de Educación e non ten dito absolutamente nada, na anterior lexislatura señora Concelleira, na anterior lexislatura era vostede Concelleira ou non se lembra que estivo catro anos cobrando 1.400 euros, non é Señor Alcalde, por favor, por favor ben, entón non me retracto de nada, o que dixen é a única do Concello de Barbadás que está pechada e eu sei como está pechada esa urbanización, cando digo as cousas non as digo por decir, eu sei como está pechada e eu sei como é o informe da arquitectura deste Concello para pechar esa urbanización e para legalizalo con unha o que se chama estrutura de raqueta, ah, pero resulta que o vial que da acceso a estas seis casas, debe ter un



ancho, non sei si me equivocarei pero, como moito de dez metros de ancho, non sei si terá máis de dez metros e resulta que no planeamento está un acceso individualizado para cada unha das seis vivendas, co cal tocarían a metro y medio por vivenda, como se pode pasar un coche

Sr.Alcalde: señor Firvida, eso foi aprobado polo planeamento sin alegacións e nadie puso pega a eso ¿vale?

Sr. Fírvida: non, si o Bloque Nacionalista Galego si, por eso temos feito esas denuncias e por eso o decimos eiquí

Sr.Alcalde: Pero o plan foi aprobado, foi aprobado sen ningún tipo de problema, vostede pode falar o que queira., como partido, pero obviamente

Sr.Fírvida: as cosas que fan vostedes

Sr.Alcalde: non, non pero é completamente legal, perdoa que llo diga

Sr.Firvida: Ten urbanización da empresa Mahía porque vive unha Concelleira do Partido Popular

Sr.Alcalde: bueno, non faga demagogia que vostede sabe que non é así, vostede sabe que non é porque vive unha Concelleira, home

Sr.Firvida: vostede acusoume de estar mintindo, e que me amenazou de que me iba a levar o Fiscal

Sr.Alcalde: si, si,

Sr.Firvida: e non fixo absolutamente nada

Sr.Alcalde: oye, que estou no meu dereito

Sr.Firvida: fágao, eu vou ir, eu vou ir

Sr.Alcalde: bueno, vostede vai ir

Sr.Fírvida: bueno, non me leve vostede, que me leve a señora Concelleira

Sr.Alcalde: bueno, andaremos e viremos, andaremos e viremos, usted non falte a verdade

Sr.Fírvida: lanza acusacións, lanza acusacións

Sr.Alcalde: non faga acusacións infundadas

Sr.Fírvida: aquí trae cincuenta ou douscentos acólitos do Partido Popular, funcionarios, traballadores do Partido Popular

Sr.Alcalde: non faga acusacións infundadas, retírolle a palabra

Sr.Firvida: familiares do partido popular

Sr.Alcalde: retírolle a palabra, acabouse o Pleno.

Sr.Firvida: traballadores do Partido Popular e vostede son uns cobardes, porque agora dan y se van; dimita que o que ten que facer, dimita vostede, e que dimita tamén a señora Concelleira



CONCELLO DE BARBADÁS

Sr. Alcalde: ¿quedamos para falar da comisión ou quedamos para outro día? Como queira.

Sr. Fírvida: por favor, quedamos que eso é moi urxente, e non falar das súas casas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 13:30 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO